

● premio

“Celanova, Casa dos Poetas”

Antonio Piñeiro

Dende que o tempo é tempo para a Fundación Curros Enríquez, é dicir, dende antes incluso de que un fato de celanovenses decidiramos retroalimentármonos coa historia perdida dos anos 50, promovendo o revivir do antigo Patronato “Pro-casa de Curros Enríquez” e rexenerando a necesidade de conseguir para o patrimonio público celanovés o edificio número 37 da rúa de Curros Enríquez, onde o neno Manuel forxara a ferro quente os sabores e sen sabores dunha adolescencia feliz e infeliz ó mesmo tempo, o premio “Celanova, Casa dos Poetas” nacera xa, froito dunha explosión de intensidade propia da fervenza intelectual do xornalista de Milmanda, Xosé Manuel del Caño, que por aquela andaba mergullado nun proxecto tan interesante como representativo para o xornalismo ourensán dos anos 80, como foi a revista “Follas secas”, reivindicativa, ó mesmo tempo, da obra poética descoñecida do tamén celanovés Castor Elices.

Asentando a súa razón de ser nesa impronta literaria que ninguén lle nega hoxe a Celanova, Xosé Manuel del Caño propúxolle ó Concello de Celanova, que naquel

momento estaba presidido por Adolfo Vázquez Rivero, a posibilidade de botar a andar un premio que recoñecese anualmente a traxectoria vital de determinados homes e mulleres que se significasen ó longo da súa vida por traballar a prol de Galicia e da cultura galega no seu ámbito de influencia.

Había tan só seis anos que Celso Emilio Ferreiro descansaba no camposanto celanovés e unha necesidade tanxible de que a presenza do poeta de “Longa noite de pedra” non se esvacese co tempo no silencio de San Verísimo, polo que tamén empezou a traballar na posibilidade de que Ferreiro contase cun monumento en Celanova, do mesmo xeito que algunhas décadas atrás o seu admirado Curros fora dotado da peza, sinxela pero fermosa, que realizou Asorey nos xardíns que dan por fronte coa Alameda, mirando de reollo á curia eclesial que tanto o perseguira.

Por esta razón, dun xeito paralelo implicou no proxecto ó escultor Acisclo Manzano, a quen lle propuxo a elaboración dunha medalla de prata que puidese simboli-



O presidente da Fundación, Antonio Mourinho entregándolle a medalla do premio a Xobana Torres (2002).

Acisclo Manzano, autor da medalla que simboliza o premio, recibiu o galardón no ano 2004.



zar o recoñecemento, pois o galardón nacería carente de compoñentes económicos que adoitan axudar a contaminar a pureza deste tipo de recoñecementos vitais, polo que sería o propio nome dos poetas celanovenses

e o milenar nome de Celanova, o que lle outorgaría un mérito que co tempo iría collendo prestixio gracias ó prestixio propio dos galardoados.

Escollidos os artesáns, só restaba argumentar os tempos. Pero a simboloxía dos tempos tampouco resultou ser un problema, pois había dúas datas que todo celanovés amante da poesía debería saber, como eran o 7 de marzo –data do cabodano de Manuel Curros Enríquez– e o 31 de agosto –data do cabodano de Celso Emilio Ferreiro–, pois as dúas quedaron rexistradas para sempre nas biografías de ámbolos dous, polo que resultaba obrigado conmemoralas ano tras anos para garantir que a memoria de Curros Enríquez e a de Celso Emilio Ferreiro se alimentasen ciclicamente e os máis novos tivesen unha razón de ser para non esquecer o privilexio literario do que orgullosamente pode fachendear “onde o mundo se chama Celanova”.

Por esa razón o premio había facerse público na Coruña coincidindo coa conmemoración do 7 de marzo e entregaríase en Celanova o día 31 de agosto.

Foi así como, no ano 1985, naceu o “Celanova, casa dos poetas”, que na primeira edición recoñeceu a catro nomes que, sen lugar a dúbidas, ían marcar a pauta da liña argumental e do elenco de primeiro nivel de homes e mulleres que forman parte xa da historia contemporánea de Galicia.

Xosé Luis Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra, Alfredo Cid Rumbao e Ricardo Carballo Calero foron os elixidos por un xurado, naquel intre iniciático case de circunstancias, formado por un grupo de xentes que poucos meses despois habían serviren de xerme para

a recuperación do Patronato Curros Enríquez.

Unha exposición representativa da vitalidade artística ourensá dos anos 80, que foi ubicada no Claustro do Poleiro, e unha semana cultural serviron de preámbulo para a celebración do acto de entrega das medallas respectivas naquel verán de 1985.

Logo, co Patronato Curros Enríquez xa constituído, a segunda edición sería cousa xa do propio Patronato, polo que se pensou que, no canto de catro nomes, mellor era un só, pois así o protagonismo non sería compartido con ninguén e o recoñecemento simbólico sería moito maior.

Anxel Fole foi o elixido para esa ocasión e esa sería xa a primeira vez que o anuncio público do premio se faría na cidade da Coruña, logo de honrar a memoria viva do autor de "Aires da miña terra" no camposanto de San Amaro e de reivindicar a súa perenne presenza perante o monumento dos Xardíns de Méndez Núñez, tamén chamados "Cantóns".

A idade do premiado nesta segunda ocasión non faría posible repetir o acto do ano anterior e unha delegación do renacido Patronato desprazouse á casa do escritor para facerlle chegar a medallina e o recoñecemento que, con ela, Celanova pretendía honralo.

Esta circunstancia repetiríase algunha vez máis aínda.

A partir de aquí a lista iría crescendo cada ano, ata chegar ó preludio do 25 aniversario, onde nos atopamos agora, preparando xa o acto de entrega da medalla número 24 a Alfonso Sobrado Palomares, un xornalista



Amancio Prada recibiu o galardón por ser unha das grandes voces divulgadoras da poesía galega polo mundo (2005).

Os premiados de cada edición asinan nun libro onde quedan recollidas as súas sensacións.



de pro, que andou polo mundo adiante sen esquecer xamais as súas orixes ourensáns en Paradela (Calvos de Randín) e que constitúe unha magnífica "disculpa" para axudar a devolverlle luz ó Manuel Curros Enríquez xornalista que este ano andamos reivindicando co gallo da conmemoración do seu centenario.

PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS”

BASES	
Organiza:	Fundación Curros Enríquez (Celanova - Ourense)
Filosofía do premio:	O premio tenta recoñecer cada ano a unha persoa ou entidade que ó longo da súa vida se ten significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en tódalas súas facetas, ou da propia Galicia.
Galardón:	Unha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha cara a casa de Curros Enríquez, e pola outra cinco “C” concéntricas que simbolizan a letra pola que comenzan os elementos identificativos deste premio “Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso”. O nome de Castor refírese a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que tamén naceu en Celanova. E o de Celso, identifica, evidentemente, ó tamén poeta Celso Emilio Ferreiro. O galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un resumo da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio. No acto de entrega, o premiado asina sempre no libro de honra do premio, acostumando a deixar unha frase para o recordo.
Dotación Económica:	Non ten dotación económica
Datas de concesión:	Faise público arredor do día 7 de marzo, coincidindo co cabodano do falecemento de Manuel Curros Enríquez e entrégase no transcurso dun acto que se celebra o primeiro domingo de setembro, inmediato ó día 31 de agosto, que é a data do falecemento de Celso Emilio Ferreiro; tentando unir así, as datas referenciais das dúas figuras máis salientables das letras de Celanova.
Xurado:	O xurado está composto exclusivamente polo Padroado da Fundación Curros Enríquez, que preside o alcalde de Celanova, en calidade de presidente de feito da Fundación, e da que forman parte representantes de diversas institucións e entidades galegas, ademais de xentes de diversos ámbitos culturais e sociais de Celanova, tendo como figura máis salientable no seu seo a do escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luis Méndez Ferrín.
Patróns de honra	Tódolos galardoados co premio “Celanova, Casa dos Poetas” pasan a seren Patróns de Honra, con dereito a asistir ás reunións da Fundación, con voz pero sen voto.

O premiado na edición de 2007, Manuel Lourenzo, asinando no libro de rexistro de premiados.



RELACIÓN DE GALARDOADOS

Nº	ANO	NOME	ACTIVIDADE
1	1985	Xosé Luis Méndez Ferrín	Escritor
		Uxío Novoneyra	Escritor
		Alfredo Cid Rumbao	Historiador
		Ricardo Carballo Calero	Escritor
2	1986	Anxel Fole	Escritor
3	1987	Xaquín Lourenzo-Xocas	Etnógrafo
4	1988	Carlos Velo Cobelas	Cineasta
5	1989	Xosé Neira Vilas	Escritor
6	1990	Manuel Maria Fernández Teijeiro	Poeta
7	1991	José Otero Abeledo "Laxeiro"	Pintor
8	1992	Mesa para a defensa do galego en Asturias	Colectivo Cultural
9	1993	Xesús Alonso Montero	Profesor
10	1994	Milladoiro	Músicos
11	1995	Carlos Casares Mouriño	Escritor
12	1996	Manuel Colmeiro	Pintor
13	1997	Isaac Díaz Pardo	Polígrafo
14	1998	Francisco Fernández del Riego	Escritor e xornalista
15	1999	José Angel Valente	Poeta
16	2000	Xaime Quesada	Pintor
17	2001	Luz Pozo Garza	Poeta
18	2002	Xohana Torres	Escritora
19	2003	Antón Tovar Bobillo	Poeta
20	2004	Acisclo Manzano	Escultor
21	2005	Amancio Prada	Cantautor
22	2006	Virxilio Fernández	Pintor
23	2007	Manuel Lourenzo	Actor
24	2008	Alfonso Sobrado Palomares	Xornalista



D. Manuel Curros Enríquez

ENRIQUE BANDE

Catedrático de Xeografía e Historia no Instituto Otero Pedrayo en Ourense. Membro do Instituto "Padre Sarmiento". Na actualidade desempeña o cargo de Director da Biblioteca da Deputación de Ourense.